

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 11 de agosto de 2023 pola que se modifica a Orde do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos para a recuperación de soutos de castiñeiros, previstas polo Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR616D e MR616E).

Mediante a Orde do 24 de maio de 2023 establécronse as bases reguladoras das axudas por danos para a recuperación de soutos de castiñeiros, previstas polo Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarían na súa xestión, e convocáronse para o ano 2023 (códigos de procedemento MR616D e MR616E) (*Diario Oficial de Galicia* número 99, do 26 de maio de 2023).

Tal e como se indica na parte expositiva desa orde, por primeira vez a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal integra na xestión da orde de axudas as entidades colaboradoras, que son aquelas que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, colaboran na execución e xestión da subvención sen que se produza a entrega previa e distribución de fondos recibidos, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Con esta medida pretendeuse reducir e facilitar a carga administrativa das persoas titulares dos soutos danados polos incendios de 2022.

Tendo en consideración esta primeira experiencia na xestión, e co obxecto de facilitar a tramitación dentro do prazo de presentación de solicitudes e que a dita tramitación destas por parte de entidades colaboradoras sexa o máis ampla e eficaz posible, debe modificarse a Orde do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos para a recuperación de soutos de castiñeiros.

Consecuentemente con todo o anterior, esta consellería, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,



DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos para a recuperación de soutos de castiñeiros, previstas polo Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR616D e MR616E).*

A Orde do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas por danos para a recuperación de soutos de castiñeiros, previstas polo Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR616D e MR616E), publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 99, do 26 de maio de 2023, modifícase nos seguintes termos:

O número 1 do artigo 21, relativo ao prazo de presentación de solicitudes e emenda da solicitude, queda redactado como segue:

«1. O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 15 de setembro de 2023».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2023

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

